



A CIG-Ensino e as demais organizacións sindicais con representación no ensino público anunciaron as mobilizacións a levar a cabo nas próximas semanas antes da aprobación dos Orzamentos Xerais da Xunta para 2020.

O profesorado galego irá á folga o 12 de decembro para recuperar os horarios lectivos e mellorar condicións laborais

Ante o non tallante da conselleira a devolver parte dos dereitos roubados ao seu persoal docente, en concreto a redución horaria a 18 horas en secundaria e a 21 en primaria recortadas por Feijóo antes incluso do Decreto de 2012 de Rajoy, a resposta das organizacións sindicais vai ser contundente. Así o anunciaron esta mañá en Santiago membros de todos os sindicatos con representación no ensino (CIG-Ensino, CCOO Ensino, ANPE, FeSP-UGT, STEG e CSIF). A primeira das accións a realizar será o vindeiro mércores, 13 de novembro. Delegados e delegadas sindicais levarán a cabo unha marcha arredor do edificio da Xunta en San Caetano que finalizará cunha concentración fronte ás instalacións da Consellaría de Educación. Este mesmo mes, o día 21, haberá concentracións unitarias nas sete grandes cidades galegas para amosar o profundo malestar e o cansazo do persoal docente galego ante os ataques e os recortes sufridos na última década.

Ademais do desprestixio social ao que foi sometida a nosa profesión, de forma máis incisiva durante a crise e ao que contribuíron os propios gobernos do PP no Estado e na Xunta, o profesorado galego foi dos primeiros en sufrir os recortes e dos últimos en recuperar os seus dereitos. Neste sentido, actualmente son sete comunidades autónomas as que xa aprobaron a devolución do horario lectivo (Navarra, Euskadi, Cantabria, Canarias, Andalucía, Asturias e Extremadura). Mentres, en Galiza a conselleira segue aludindo a que non darán ningún paso até que o goberno central habilite unha partida para este fin. “Un auténtico insulto ao profesorado galego –en palabras do secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello,- que sabe perfectamente que cando lle foi aplicada a

Entre as accións sindicais conxuntas destacan unha marcha-concentración arredor de San Caetano o vindeiro mércores, 13 de novembro; concentracións en todas as cidades galegas o xoves 21, e unha folga xeral o día 12 de decembro.

Son horas Son dereitos

Concentración

13 de novembro ás 11:30 horas
Diante da Consellaría

FOLGA 12DEC

18

21



ampliación horaria, a Xunta non lle devolveu a Madrid os cartos que aforrou co recorte de miles de postos de traballo dun ano para outro.

As consecuencias desta medida vímolas padecendo nestes últimos anos: imposibilidade de facer apoios, reforzos e desdobres; aumento da impartición de afíns, das ratios de alumnado por aula e das itinerancias; exceso de carga de traballo para o profesorado que non pode preparar as clases nin corrixir exames e tarefas en condicións...

En definitiva, un empeoramento moi drástico das nosas condicións de traballo que non tivo moita influencia na calidade do ensino unha vez máis grazas ao sobre esforzo do colectivo docente no noso país”, apuntalou Bermello.

Unha convocatoria de folga cos orzamentos no punto de mira

As mobilizacións neste primeiro trimestre está previsto que culminen o día 12 de decembro cunha folga xeral no ensino. A data elixida responde á necesidade de incluír nos próximos Orzamentos Xerais da Xunta de Galiza para 2020 que neses momentos aínda estarán sen aprobar. As organizacións sindicais teñen previsto chegar até as últimas consecuencias con esta reivindicación “porque non é de recibo que o profesorado siga pagando as políticas antisociais e privatizadoras dos gobernos do PP”. De non producirse unha negociación antes do 12 de decembro, “a partir da semana que vén comezaremos unha intensa campaña de información en todos e cada un dos centros educativos galegos promovendo a mobilización do profesorado para que a convocatoria de folga sexa unha resposta contundente á negativa e ao desprezo da Consellaría”, concluíu Bermello.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal